



FERVENZAS DE BOQUEIXÓN

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 25 km (aprox.)

Dificultade: baixa

Duración: 4 horas

Unha ruta en coche que se completa con curtas camiñadas para achegarse ao pé de catro fervezas no concello de Boqueixón, dúas delas compartidas co concello de Vedra.



Fervenza do Muíño da Serra

Na parroquia de Lestedo, no concello de Boqueixón, no límite con Vedra.

No río Pereiro ou Zaramo, afluente do Ulla.

A ferverza salva un desnivel duns 8 m en rochas graníticas rodeadas de xistos. Ao pé dela está o muíño da Serra.

COMO CHEGAR:


Na estrada Santiago a Lalín cóllese o desvío a Ramil e despois da área de recreo, case no remate do desvío, un cruce á dereita que indica ferverza de Lestedo.

Séguese a pista asfaltada ata outro indicador que desvía á dereita por unha pista de terra e despois o 2º desvío á dereita cara á autoestrada. Na curva que se atopa antes do remate da pista tómase un carreiro á dereita que leva á ferverza.



Fervenza do Muíño da Serra





Fervenza de Vigo

No Río Zaramo, afluente do Ulla, na parroquia de Vigo. A fervenza salva un desnivel de aproximadamente 8 m de altura en gneis. Nos arredores hai unha pequena carballeira.

COMO CHEGAR:

Cóllese a estrada de Forte a Gastrar e, ao chegar ao cruce, cóllese o da esquerda cara a Vigo, despois de pasar este lugar cóllese un cruce á esquerda sinalado co nome da fervenza. Avánzase pola pista e cóllese o ramal da dereita e a uns 300 m, antes dunha pontella, déixase o coche á esquerda e accedese á fervenza.



Fervenza de Vigo



Fervenza de Codeso



Fervenza de Codeso

Na parroquia de Codeso.

A fervenza está nun pequeno regato que desemboca no Pontillón (afluente do río Ulla) salvando un desnivel en rochas básicas duns 20 m de altura en dúas caídas.

COMO CHEGAR:


Na estrada de Boqueixón a Ponte Ulla en Ardesende cóllese un desvío que indica Ponte Ledesma e Donas e aos poucos metros atópase un cruce indicado á dereita, moi estreito, que conduce ata a capela de San Paio. Desde alí báixase ao río e seguindo o curso atópase a fervenza (hai que cruzar o río no segundo muíño).

Fervenza de Donas

Na parroquia de Donas (no límite con Vedra), no río Pontillón, afluente do Ulla. A fervenza ten uns 10 m de altura en dous saltos. nunha zona onde o río vai moi encaixado.

COMO CHEGAR:

Na estrada de Boqueixón a Ponte Ulla en Ardesende cóllese un desvío que indica Ponte Ledesma e Donas e despois de pasar Engas cóllese un cruce á dereita que indica Fervenza de Donas e Ponte Ulla. Despois de 500 m cóllese un cruce á esquerda, apárcase na bifurcación e báixase ao río por un camiño abandonado que atravesa os prados. Crúzase o río e séguese río arriba pola outra marxe ata a fervenza. Tamén se pode acceder desde Ponte Ulla collendo un cruce á dereita despois de pasar Caldeas.



Fervenza de Donas